

Francisco FERNÁNDEZ REI: Reseña de *Lingüística diatopica de l'Alto Aragón*, de Francho Nagore Laín, *Luenga & fablas*, 17-18 (2013-2014), pp. 186-191.

## **Francho NAGORE LAÍN: *Lingüística diatopica de l'Alto Aragón. Cómo ye l'aragonés de cada puesto: características, bibliografía, testos, mapas***

[Uesca, Publicacions d'o Consello d'a Fabla Aragonesa, 2013, 415 pp.; ISBN: 978-84-95997-46-3].

Francho Nagore é, sen dúbida ningunha, quen máis investigou sobre a lingua aragonesa e a súas variedades e quen máis contribuíu nos últimos decenios a dar a coñecer fóra de Aragón a problemática dunha lingua que figuras relevantes da lingüística hispánica consideraron (e algunhas aínda a consideran) dialecto histórico do español. Son moitos e diversos os traballos que publicou sobre as variedades dialectais do Alto Aragón e moito o que leva feito sobre a codificación do aragonés moderno desde que en 1977 publicou a *Gramática de la lengua aragonesa*; e como poeta (e narrador) foi a comezos da década de 1970 un dos primeiros escritores que andou á procura da “olorosa pantera”, desa lingua común aragonesa da que se nota o arrecendo nos diferentes vales pirenaicos e nas chairas onde aínda se fala, pero que non é a fala de ningún deles. A “olorosa pantera” que Dante, despois de publicar a *Vita nuova*, quería cazar nas terras de Italia, o vulgar ilustre que procuraba antes de compoñer a monumental *Divina Commedia*.

A vida de Nagore foi (e segue a selo) de total entrega ó estudo e á visibilización dunha lingua minoritaria e minorizada e a demostrar que en aragonés tamén se pode facer ciencia, do que é boa proba a monografía *Lingüística diatopica de l'Alto Aragón*. Trátase dun completo e detallado estudo da variación dialectal dos lugares, vales e comarcas onde hoxe se fala aragonés, con maior ou menor vitalidade, á vez que unha excelente antoloxía do aragonés literario dialectal de finais do século XIX á actualidade, completada con etnotextos con historias de vida e outras diversas mostras orais. Os nove capítulos deste libro son o froito de case 40 anos de lecturas de todo canto se publicou sobre o aragonés (e da lectura de obras esenciais da dialectoloxía das outras linguas románicas hispánicas) e da sistematización de moitos traballos do propio Nagore que figuran na bibliografía de bastantes apartados das 37 variedades analizadas.

1. O breve capítulo 1 (“Cheografía lingüística e dialeutolochía”, pp. 9-22) é a unha sintética introdución sobre o nacemento da dialectoloxía a finais do século XIX cos estudos do italiano Ascoli sobre o complexo retorrománico e a evolución da disciplina, con particular atención á historia dos estudos sobre os dialectos vivos do Alto Aragón, dos que o vascofrancés Jean-Joseph Saroïhandy é o auténtico descubridor. Despois virían as achegas importantes dos alemáns Alwin Kuhn e Fritz Krüger e a mediados do século XX a clásica monografía de Manuel Alvar *El dialecto aragonés*, que sintetiza datos coñecidos, pero na que se lle dá moita importancia á fase medieval e non se xebra de xeito claro o aragonés do castelán rexional de Aragón.

Neste capítulo Nagore fai consideracións sobre o nacemento en Francia da xeografía

lingüística e a evolución dos atlas no mundo románico, para logo centrarse na nos proxectos de cartografía lingüística dos idiomas hispánicos, con particular atención ó *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)*, dirixido por Navarro Tomás (editouse un tomo no 1962) e ó *Atlas Lingüístico e Etnográfico de Aragón, Navarra y Rioja (ALEANR)*, dirixido por Manuel Alvar (editáronse 12 tomos entre 1979 e 1983). Nestes atlas Aragón está presente con 37 e 107 puntos de enquisa, respectivamente.

Para a delimitación e estudo das variedades xeográficas do Alto Aragón tamén se comenta outro material fundamental, como monografías dialectais e repertorios léxicos (dicionarios, vocabularios e glosarios locais e comarcais), especialmente o *Endize de bocables de l'aragonés seguntes os repertorios lesicos de lugares y redoladas de l'Alto Aragón (EBA)*, do 1999, un “diccionario de dicionarios” dirixido por Nagore, que se redactou co material de repertorios locais ou comarcais recollidos in situ.

Verbo do *ALPI*, na páx. 16 dise que “Muitas añadas os materials de l'*ALPI* no publicatos estioron depositatos en a Universidadá de Valencia, en do posiblemén los dixó M. Sanchis Guarner”. No que respecta ós cadernos de campo de Galicia e Portugal, que estaban en posesión de Aníbal Otero (investigador do dominio galego e de parte do portugués), están depositados desde hai anos no Instituto da Lingua Galega da USC, despois de que a viúva de Otero llos entregara a Antón Santamarina.

Nesa mesma páxina, engádesse que despois “á o largo de bellas añadas un profesor canadiense clabó una gran parti d'ixos materials en una pachina web, pero ya no bi son disponibles. Parixe que, por fin, l'aria de Cheografía Lingüística d'o C.S.I.C. (que enfla García Mouton) ye parando a suya edición completa”. Ese investigador canadense é David Hean, e o cuestionario do *ALPI* hoxe pode consultarse en <http://westernlinguistics.ca/alpi/questionnaire.php#page25>. No que respecta á preparación dos materiais do *ALPI* para a súa edición, os do dominio lingüístico galego hai tempo que están todos transcritos e dixitalizados.

**2.** O longo e zumento capítulo 2 (“O territorio de l'aragonés: Bellas arias dialeutais seguntes a distribución de fenomenos foneticos, morfolochicos e lesicos”) contén unha detallada análise dos principais trazos lingüísticos caracterizadores de todas as variedades diatópicas do aragonés actual (seis fenómenos fonéticos, oito morfolóxicos e dous sintácticos), xunto con mostras de áreas léxicas. En cada fenómeno debúllase toda a información existente e complétase o material que fornecen os mapas do *ALEANR* con datos de estudos de comezos do século XX á actualidade, ilustrado con mapas coa variación de cada fenómeno e a distribución territorial. Na monografía coméntase 58 mapas.

No primeiro trazo estudado (mantemento ou perda de *-r*) Nagore elabora un mapa coas áreas do fenómeno partindo primeiro dos datos do *ALEANR*, como fai con outros fenómenos; e a seguir presenta un mapa que completa con datos recentes, neste caso sobre o tratamento do *-r* en ansotano, e con notas de campo de Saroihandy de hai uns cen anos. Outras veces o mapa elabórao á vez co material do *ALEANR* e do *EBA* e co de fontes clásicas (Saroihandy e Kuhn) e estudos específicos recentes, como se ve no cartografado da distribución de [j] / [i] (trazo 2); ou ben delimita áreas tendo en conta só material do *ALEANR* ou só do *EBA* (e datos de monografías recentes), como se aprecia nos varios mapas relativos á conservación case xeral das oclusivas xordas intervocálicas (trazo 5), propia do aragonés na Romania occidental.

Para un fenómeno morfolóxico tan importante como é a distribución dos paradigmas dos artigo *o(s)*, *a(s)* e os alomorfos *ro(s)*, *ra(s)* despois de vogal (trazo 7) utiliza, sobre todo, o

material do *EBA*, pois os datos achegados polo *ALEANR* son escasos. Na análise do pretérito sintético e o perifrástico con formas especiais do verbo *ir* como auxiliar (trazo 11), presenta un mapa coa distribución de conxunto e outro moi detallado “que permite beyer a zona nororiental d’Aragón como si la nos mirásenos con un cristal d’aumento”. Neste caso Nagore valeuse do material fornecido polo *ALEANR* e por dous traballos sobre o pretérito, un de T. Buesa e R. Castañer baseado neste atlas, e outro de F. Romanos con datos propios, xunto con outros complementarios. Ás veces resúltalle difícil establecer a distribución areal dun fenómeno por mor das moitas interferencias, polo que no mapa se presentan zonas con “predominio de” unhas formas, como se ve coas variantes do morfema da P6 do pretérito (trazo 12).

Nas áreas léxicas o xeral é un tipo para todo o territorio aragonés, como ocorre con *amprar* ‘prestar’, *boira* ‘néboa’, *charrar* ‘falar’, *chelo* ‘xeo’, *esquiruelo* ‘esquí’, *güello* ‘ollo’, *ordio* ‘orxo’, *puyar* ‘subir’, *trobar* ‘achar’ e moitas outras formas. Hai casos de dous tipos léxicos fundamentais, un occidental e outro oriental, aínda que un deles pode presentar variacións fonética ou de morfoloxía léxica, como se ve no mapa 35 (denominacións do cast. ‘cazo’) co tipo occidental *cullar* e co oriental *loza*, coas variantes *lloza*, *lozeta*, *llozeta*, *lloseta*. Tamén se poden delimitar tres áreas léxicas, que ocupan tres faixas xeográficas (occidental, central e oriental), con certa semellanza na súa extensión, como se observa no mapa 37 coa distribución dos tipos léxicos *grñolera* / *senera* / *corniera* para designar un arbusto propio do Alto Aragón, o *Amelanchier ovalis*, do que o *ALEANR* non ten datos mentres que o *EBA* contén boa información.

**3.** No apartado 2.19 (“Os grans complexos dialeutals”, pp. 75-88), faise unha sucinta historia das clasificacións das divisións dialectais do aragonés, desde a pioneira de 1902 de B. Coll y Altabás, con especial atención ás propostas das últimas décadas, as do propio Nagore e as de Ch. Tomás, S. Garcés e F. Rodés, M. Alvar (baseada só no léxico) e Brian Mott, así como a recente análise pluridimensional de S. Postlep centrada na variación lingüística espacial do *continuum* aragonés-catalán.

Nagore establece catro grandes complexos dialectais (oriental, central, occidental e meridional), como se viña dividindo o territorio aragonés. O complexo oriental é unha franxa de transición ó catalán, o que explica que presente trazos comúns a esta lingua, como a palatalización do *l-* inicial, a non pronuncia do *-r* final ou os pretéritos perifrásticos con *ir* como auxiliar. O complexo central caracterízase por posuír a fonética máis xenuína e conservadora, como ocorre coa conservación das oclusivas xordas intervocálicas, exclusiva do aragonés entre as linguas hispánicas e galorrománicas, e na morfoloxía rexístranse formas do aragonés estándar, coma os participios en *-ato*, *-ito* e de xeito predominante o paradigma de artigos *o(s)*, *a(s)* cos alomorfos posvocálicos *ro(s)*, *ra(s)*. O complexo occidental conserva mellor có oriental as oclusivas xordas intervocálicas e o paradigma do artigo é *o(s)*, *a(s)* – e o minoritario *lo(s)*, *la(s)-*, sen o alomorfo *ro(s)*, *ra(s)*, e nos tipos léxicos propios predominan termos de substrato vascón pirenaico. O complexo meridional é o máis castelanizado na fonética e na morfoloxía, pero non na sintaxe, no léxico e na fraseoloxía; trátase do complexo con menor variabilidade xeográfica e diversidade interna.

Toda clasificación dialectal é sempre relativa, pois depende dos fenómenos que se empreguen para a delimitación das posibles áreas con fronteiras nunca ríxidas. Tal como sinala Nagore, de tomar como delimitador o trazo da conservación das oclusivas xordas intervocálicas en voces comúns como *capeza*, *crapa* ou *trobato*, delimitaríase unha zona

central fronte ó resto do territorio de fala aragonesa, aínda que de termos en conta outras voces con esas consoantes a zona meridional-occidental engadiríase á central. Tamén se podería dividir o territorio en dous grandes complexos dialectais, o occidental-central e o oriental, xa que este se afasta dos demais por trazos tan característicos como a sonorización das oclusivas xordas intervocálicas, o pretérito perifrástico co auxiliar *ir* e os artigos *el*, *la* (agás na Fueba), ademais de existiren áreas léxicas cun tipo propio da zona oriental fronte ó tipo xeral en aragonés.

Na súa clasificación Nagore ten en conta as grandes diferenzas dialectais baseadas en fenómenos lingüísticos de grande extensión e asemade trazos con reducida extensión, á vez que atende os feitos xeográficos, que con frecuencia coinciden cos lingüísticos. A historia das clasificacións dialectais e a caracterización deste apartado 2.19, xunto co breve 2.20 (“Sobre os cabos adedicatos a cada bariedá diatópica”) quedarían mellor nun capítulo á parte dos fenómenos caracterizadores; e a caracterización de cada complexo creo que debería conter máis trazos definidores e exemplos dos tipos léxicos.

4. Os seguintes capítulos son unha detallada descrición das variedades dos vales e comarcas (ás veces lugares) dos catro grandes complexos dialectais. No capítulo 3 analízanse cinco variedades occidentais (pp. 91-123); no capítulo 4, sete variedades centrais (pp. 124-169); no capítulo 5, cinco variedades orientais (pp. 170-247); no capítulo 6, doce variedades da depresión intrapirenaica e da moi despoboada zona prepirenaica (pp. 248-301); e no capítulo 7, oito variedades meridionais (pp. 302-275).

O esquema é o mesmo en cada unha das 37 variedades estudadas: unha caracterización lingüística, unha escolma de textos e unha pormenorizada bibliografía na que se separan estudos e vocabularios dos textos, sexan estes literarios ou populares. A caracterización baséase en fenómenos fonéticos e morfolóxicos (e algúns sintácticos), sen ter en conta trazos xerais en aragonés que non permiten delimitacións dialectais, coma os plurais *-ls*, *-ns*, *-rs* ou a terminación *-eba*, *-iba* dos imperfectos. Tamén hai un apartado léxico, con indicación das formas propias de cada variedade e diversas indicacións, como o feito de sinalar no ansotano palabras propias relacionadas co substrato vascón e occitanismos, no belsetano os gasconismos, no tensino as voces prerromanas e empréstitos do gascón, no chistabino os tipos léxicos orientais, no benasqués algúns dos moitos termos con correspondencia en catalán e en variedades prepirenaicas o vocabulario de tipo occidental.

Despois da caracterización lingüística sempre figuran textos literarios con trazos dialectais da variedade analizada, textos clásicos ou recentes, desde a *Rexanedura* do aragonés literario na década de 1970. Esa escolma pode completarse con etnotextos e moi diversos textos populares (boa parte deles recolleunos Saroihandy hai uns cen anos), que nas variedades sen cultivo literario son, obviamente, as únicas mostras.

Os textos literarios desta monografía son as teselas do rico mosaico das variedades aragonesas con tradición literaria, algunhas con máis dun século de cultivo escrito. Do aragonés occidental salientan os do ansotano e, sobre todo, os do cheso, con mostras de clásicos como Domingo Miral e Veremundo Méndez Coarasa –o poeta en aragonés máis importante de mediados do século XX–, e de escritores con obra desde a década de 1980 como Chusé Coarasa. Do aragonés central destacan o tensino, con textos literarios, cantares e textos orais, mentres que do belsetano hai mostras literarias do primeiro terzo do século XX (José M<sup>a</sup> Nerín e Leonardo Escalona) e de final de século (Ánchel Lois Saludas) e unha *charrada* entre dúas mulleres.

As variedades literarias do aragonés oriental están moi ben representadas. Do chistabino edítanse textos de diversos autores, particularmente de Nieves Luzía Dueso, que emprega unha lingua de tipo xeral do Val de Chistau, igual que figuran mostras de autores modernos que usan o benasqués ou outro *patués* altorribagorzano, cunha escolma de textos literarios (e orais), de 1974 a 2011, representativos de diferentes puntos do val. Do baixorribagorzano de Graus, con moita tradición literaria, hai textos do primeiro cuarto do século XX e de moitos outros autores, entre eles, Tonón de Baldomero e Vicente Lacambra; e do baixorribagorzano de Estadilla e Fonz hai mostras de comezos do século XX e de figuras da literatura (dialectal) aragonesa como Cleto Torrodellas e Pablo Recio, e tamén de autores de obra moi recente como Antón Collada, que usa formas que desapareceron da lingua falada.

Nas doce variedades prepirenaicas o máis salientable literariamente son os textos do campo de Chaca, un do século XVII (ou XVIII), dous de finais do século XIX e outros máis recentes. Do aragonés meridional está ben representada a variedade de Ayerbe, con mostras literarias de mediados do século XIX á actualidade, como tamén o está a variedade de l'Abadiato – Somontano de Uesca, ben pouco falada, da que se presentan textos literarios recentes e un etnotexto. Na variedade do Somontano de Balbastro escribiron prosistas tan importantes como Pedro Arnal Caveró ou Chuana Coscojuela, con textos da súa obra e doutros autores; o derradeiro é de Pilar Lisa, do 2010, no que, o mesmo que outros escritores da comarca, por ultracorrección se usa o artigo *ro* tras consoante e en situación inicial, cando ese alomorfo aparece só tras vogal.

Na medida do posible, os textos literarios recentes aparecen publicados consonte a normativa gráfica do aragonés do 1987; con todo, hainos posteriores a esta data que non seguen esa normativa e que Nagore edita respectando a versión orixinal, ás veces con algún cambio na puntuación, para facilitar a lectura, e na acentuación ou ben corrixe probables erratas. Despois de cada texto figuran notas con datos bibliográficos relevantes do propio texto, seguidos de notas lingüísticas e extralingüísticas, froito dun pormenorizado labor de edición. No texto cheso do 2002 de Ana María Boli (pp. 110-112), que non segue a normativa do 1987, hai un bo quiñón de notas, sobre todo léxicas, para mellor comprensión do texto, o mesmo que se aprecia no texto benasqués do 2011 de José Subirá (pp. 199-200) e en moitos outros. Nas escasas notas do texto do 1992 de Malena Boli (pp. 108-109) sinalábase o emprego dalgunha forma morfolóxica do aragonés común que non é propia do Val de Echo, como non é o algunha palabra sinalada, á vez que se comenta o uso semántico incorrecto dun termo.

Noutras mostras literarias indícanse en nota as formas alleas a unha variedade e as que son propias, como no texto tensino do 1987 de Félix Gil del Cacho (pp. 126-127), ou ben Nagore só indica os castelanismos morfolóxicos, como no texto tensino do 2003 de Alejandro Guillén (p. 129). Nas mostras orais, de existir rexistro sonoro, revisa a transcripción publicada e éditaas con algunhas modificacións, como no texto ansotano *Os quefers d'o día / o rayo / l'onso* (pp. 97-98), na belsetana *Charrada entre dos mullers* (pp. 157-159) ou na chistabina *Charrada en casa Saila* (172-174).

**5.** No capítulo 8 (pp. 376-398) preséntanse doce textos de distintas variedades que se analizan e comentan con detalle, á vez que se van dando datos para ilos localizando no mapa lingüístico do aragonés, tendo en conta a extensión de fenómenos fonéticos, morfolóxicos e léxicos de cada comentario.

Ponlle ramo ó libro o capítulo 9, unha completa bibliografía xeral (pp. 399-409)

con tres apartados. O 9.1 dedícase a cuestións teóricas sobre a dialectoloxía en xeral e en linguas coma o castelán, o catalán ou o galego; de A. Zamora Vicente podería engadirse a colectánea do autor *Estudios de dialectología hispánica*. Anexo 25 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, do 1986. O apartado 9.2 céntrase nos atlas lingüísticos, particularmente nos das linguas románicas da Península ibérica, mentres que o 9.3 se dedica a estudos, antoloxías de textos e vocabularios sobre as variedades diatópicas do aragonés ou ben achegas á xeografía lingüística e dialectoloxía en Aragón, e particularmente sobre o aragonés. Neste apartado figuran dez traballos de Nagore, á parte do *EBA*, “diccionario de diccionarios” que el dirixiu; e como xa se indicou, na bibliografía de moitas das 37 variedades analizadas hai fichas de traballos seus.

Nas obras que están na rede debería engadirse a referencia na respectiva ficha. Así, no apartado 9.1 as monografías de R. Álvarez, F. Dubert [non Duber] García e X. C. Sousa Fernández *Dialectoloxía e léxico* (2002) e *Lingua e territorio* (2006) poden consultarse nos sitios <http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/dialectoloxia.pdf> e [http://consellodacultura.gal/mediateca/pubs.pdf/lingua\\_territorio.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/pubs.pdf/lingua_territorio.pdf), e o audio-libro editado por F. Fernández Rei e C. Hermida Gulías *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego* (1996) no sitio <http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>. Tamén debería figurar a referencia a arquivos orais na rede, como o Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega, consultable no sitio <http://ilg.usc.es/ago>.

Na ficha do *ALDC* do apartado 9.2, por coherencia con outras fichas de atlas onde se indica o director, debería retirarse o nome de Badia e indicar que J. Veny e L. Pons son os directores, que non figuran; Badia é coautor do cuestionario, como se indica na ficha correspondente. Nesa entrada do *ALDC* infórmase que no 2008 se editou o vol. IV, pero xa apareceron o V (2010) e o VI (2012); por outra parte, figuran as fichas Veny (2008) e (2009) para o vol. 1 e 2 do *Petit Atlas Lingüístic del Domini Català*, pero no 2011 editouse o vol. 3 (e no 2014 o vol. 4). A ficha do *Atlas Lingüístico Galego* debería aparecer coa abreviatura *ALGa* (entre as do *ALG* e do *ALPI*) e indicar o ano 1995 da edición do vol. II e os nomes dos coordinadores dos vols. I, II e V.

Os meus parabéns a Francho Nagore por esta excelente contribución á dialectoloxía hispánica, e moi especialmente á dialectoloxía do idioma aragonés cun pormenorizado estudo da súa ricaz variedade diatópica. Ademais, constitúe unha boa contribución á visibilización do aragonés como lingua científica, pois en aragonés está redactada esta *Lingüística diatopica de l'Alto Aragón* que, como sinalei, contén unha excelente mostra da literatura aragonesa dialectal de finais do século XIX á actualidade. Con esta obra demostrábase que a lingua aragonesa tamén existe e que conta cun estándar non só para a creación literaria, senón tamén para redactar obras científicas de calidade.

**Francisco FERNÁNDEZ REI**

*(Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela)*